

# KYOKI

de María Torres & Gonçalo Guerreiro



Subvenciona



AXENCIA GALEGA  
DAS INDUSTRIAS  
CULTURAIS



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

galicia

Coproduce



Concello de  
CULLEREDO

Apoia

ARTEIXO






## KYOKI

É unha creación destinada ao público infantil e familiar a partir dos 5 anos. O espectáculo aborda a temática do esquecemento, da vellez e da soidade. **KYOKI** significa “demencia” en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... Quen non esqueceu nunca onde colocou a caixa das galletas? Ou por distracción vestiu o xersei do revés?

**KYOKI** é unha ollada cómplice, reflexiva e sensible ás experiencias que viven as persoas que precisan ser coidadas e mais as propias coidadoras.

A través dunha linguaxe xestual fundamentada na manipulación de obxectos e na interacción constante co dispositivo escénico, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotiá.



# POSTA EN ESCENA

O xogo teatral baséase no traballo plástico da corporalidade da intérprete e na súa constante interacción cos elementos escenográficos para definir unha secuencia dramática na que a imaxe toma un total protagonismo. A posta en escena fundaméntase xa que logo na dinámica pictórica da organización do espazo teatral e na narrativa das propias accións físicas que reflicten desexos, sentimentos e todos os estados dramáticos definidos.

As principais esferas sociais relacionadas coa vellez son a familia, as institucións médicas e as institucións sociais. Na historia de **KYOKI** están presentes tres personaxes -a avoa, a súa filla e unha doutora-, todos eles representados pola actriz protagonista.

**KYOKI** é un espectáculo sen palabras que reúne artes do movemento, artes plásticas e unha rigorosa sintonía dos xestos coa música instrumental orixinal.

# ESCENOGRAFÍA

O espazo escénico está construído de xeito que evoca ao mesmo tempo unha casa, un hospital e a rúa. Diseñada para funcionar como o lenzo dun pintor, a escenografía é un fondo estético que pouco a pouco será habitado polo corpo da intérprete e polos obxectos por ela manipulados co obxectivo de manter sempre viva unha composición pictórica xerada por formas, cores e movementos. O fondo azul con liñas que se cruzan de xeito irregular en ángulos rectos está dotado de varias aperturas camufladas que permiten a entrada e saída dunha morea de elementos escénicos, o que provoca suxestivos e reveladores efectos sorpresa e fai viable a evocación dos diferentes espazos e mobiliarios.





# ARTE POVERA

Utilízanse obxectos do cotián, como bolsas de plástico usadas, roupa desordenada, botellas de plástico e latas. Estes obxectos fan parte do día a día de calquera persoa e nun espazo baleiro coma este poden facilmente evocar unha vida á deriva na sociedade urbana contemporánea. Por esta razón, **KYOKI** evoca a arte povera, movemento artístico da contracultura italiana que tivo a súa orixe na década dos 60 e que utilizaba materiais simples. Fai unha analogía entre a persoa humana e os obxectos sen valor esquecidos polo sistema de consumo e reflexiona sobre o uso que a sociedade lles dá aos obxectos usados e ás persoas maiores.

# MAXIA

A maxia é a arte que se destina a producir resultados que son contrarios á lei natural. Pode usar palabras, feitizos e varios eventos e elementos con ese mesmo obxectivo. Neste caso refírese aos recursos da posta en escena empregados coa finalidade de enredar o público en situacións extraordinarias que van alén da lóxica racional. A través da ilusión é levado a crer no que ve, a deixarse abraiar polo que perciben os seus sentidos e a mergullarse no universo artístico que se lle propón.

Ao longo da historia a maxia perdeu o seu lugar destacado na cultura para o crecemento do racionalismo. Elefante Elegante reivindica esa dimensión onírica para desenvolver os aspectos "extra-cotiáns" que naturalmente habitan o imaxinario durante a infancia.

# MÚSICA

A música evoca o que as palabras non ilustran, e por iso está sempre presente e dálles forma ás intencións que os corpos non dan definido.

O son ten unha presenza asidua e dramática. A música, sexa baixo forma melódica ou de paisaxe sonora ten a misión de acompañar, puntuar ou ofrecer resistencia ás accións físicas. O espazo sonoro funciona como un motor para o xogo físico da intérprete, no senso de amplificar cada xesto, actitude ou movemento corporal e establecer con ela unha sólida unidade dramática.

# FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

**MANUEL FONTE**  
COMPOSICIÓN  
MUSICAL

**NACHO MARTÍN**  
ILUMINACIÓN

**GONÇALO GUERREIRO**  
CREACIÓN  
DIRECCIÓN DE ESCENA  
E ESCENOGRAFÍA

**MARIO RODRÍGUEZ**  
MANIPULACIÓN DE  
OBJECTOS

**MARÍA TORRES**  
CREACIÓN  
INTERPRETACIÓN

**XURXO PRIETO**  
DISTRIBUCIÓN

**CAROLINA DÍGUELE**  
VESTIARIO E ATREZZO  
PRODUCCIÓN DE ARTE  
E DE DISEÑO GRÁFICO

**LAURA DUARTE**  
PRODUCCIÓN





# ELEFANTE ELEGANTE

nace do desexo de desenvolver unha linguaxe plástica, poética e universal que non dependa exclusivamente do texto e que permita indagar sobre temáticas de carácter social e existencial. As súas creacións xorden do diálogo do teatro físico coa danza, a música e as artes visuais. Os espectáculos de Elefante Elegante están baseados na relación do corpo co espazo e reflicten unha rigorosa investigación de xestos, movementos e imaxes.

O xogo teatral baséase no traballo plástico dos intérpretes e na súa constante interacción cos elementos escenográficos. A narrativa das accións físicas varía entre a abstracción do movemento bailado e a construción da trama teatral. O corpo contén en si mesmo todos os segredos e revelacións dunha posta en escena que se fundamenta na organicidade do dispositivo escénico e na dinámica pictórica da organización do espazo sonoro e literario.

A compañía foi fundada por María Torres e Gonçalo Guerreiro no 2000 e residiu os primeiros anos en Bélxica, ata instalarse en Galicia no 2007. O grupo comezou como un proxecto experimental do que facían parte actrices e actores de diferentes países europeos. En escena, cada intérprete falaba a súa propia lingua. Ese foi o motor para iniciar a súa práctica arredor do xogo corporal. Actualmente, Elefante Elegante ten a súa sede no concello de Culleredo (A Coruña), onde é compañía residente. Os seus espectáculos foron recoñecidos con varios premios María Casares desde o ano 2013.







## MARÍA TORRES

Palma de Mallorca, 1975

María Torres é actriz e directora artística do Elefante Elegante Teatro onde creou, interpretou e dirixiu con Gonçalo Guerreiro mais de vinte espectáculos ata o presente.

Licenciouse en Ciencias Empresariais na Universidade da Coruña ao mesmo tempo que iniciou a súa carreira teatral. Traballou como actriz en diferentes grupos de teatro universitario, integrando tamén as compañías Catrabucha Teatro, Teatro da Bufarda, Librescena Teatro, Espello Concavo, Trinke Trinke e Teatro do Alacrán. A convite da compañía de danza Traspediante creou e dirixiu a peza *Nina Ninette* para público infantil.

Obtivo unha bolsa para realizar o primeiro post-grado en Arte Dramática organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. A experiencia nas aulas do director do Teatro Nacional de Toulouse Jacques Nichet e da actriz e directora francesa Claude Buschvald transformaron fundamente a súa visión do teatro. Iniciou unha viaxe por Europa que durou seis anos e que a levou a coñecer importantes mestres: estudou comedia dell'arte con Antonio Fava en Italia e teatro antropolóxico con Eugenio Barba en Sevilla e Polonia.

Como bolsreira da Deputación da Coruña Diplomouse na École Lassaad, en Bruxelas, que segue a pedagogía de Jacques Lecoq do estudo do movemento.



## GONÇALO GUERREIRO

Lisboa, 1974

É director de escena, escenógrafo, actor e director artístico de Elefante Elegante. A súa práctica artística baséase nunha forte ligazón do corpo co espazo e o obxecto. Unha relación na que o diálogo figura-fondo asume unha herdanza directa das artes visuais. O elemento fundador é sempre un dispositivo escenográfico habitado por referencias espaciais específicas onde os corpos podan existir e elaborar unha rigorosa investigación de xestos, movementos e actitudes. Deste xeito, a narrativa das accións físicas varía entre a abstracción do movemento bailado e a construción da trama teatral. Para Gonçalo Guerreiro, o corpo contén en si mesmo tódolos segredos e revelacións dunha posta en escena que se fundamenta na dinámica pictórica da composición do espazo físico, cromático, musical e literario.

Foi actor nas compañías portuguesas Teatro ABC, A Barraca, Teatro da Comuna, Teatro do Montemuro e Trigo Limpo Teatro Acert. En Galicia colaborou con Galitooon e Manicómicos. Tamén creou e dirixiu varios espectáculos para diferentes compañías de Bélxica, Galicia e Portugal.

En 2021 gañou o premio María Casares ao Mellor Director e Mellor Espectáculo con *A lingua das bolboretas* (Sarabela Teatro).



# KYOKI

Elefante Elegante Teatro

[elefanteelegante.net](http://elefanteelegante.net)

## CONTACTO DE PRENSA

**The Office Comunicación**

Luisa Castiñeira  
620 113 155  
[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

Bea Pérez  
604 070 409  
[bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

## PRESS KIT

<https://cutt.ly/Kyoky>